



### 1.3 LOCALIZACIÓN

As obras referidas no presente Anteprojecto encóntranse situadas na vila de Gondomar (Pontevedra).

As coordenadas UTM (WGS84) do centro da actuación son:

X: 519.668 Y: 4.661.904 Huso: 29



Ámbito do proxecto en relación ao núcleo urbano de Gondomar.

### 1.4 SITUACIÓN ACTUAL

A avenida de Don Diego Sarmiento de Acuña ten unha lonxitude de 300 m e un ancho de calzada de 10 m. O trazado é totalmente recto, e dispón de beirarrúas a ambos lados da calzada. Na marxe norte a avenida limita coa Área Recreativa das Cercas e o recinto do Centro de Desenvolvemento Local (CDL). Polo sul a avenida limita con unha urbanización de vivendas unifamiliares.

A avenida parte dunha glorieta polo este e durante os primeiros 150 m limita coas instalacións do CDL (Centro de Desenvolvemento Local). Estas edificios encóntranse a unha cota inferior que a rúa polo que existe un talude que salva a diferenza de cotas entre a beirarrúa existente e o entorno do CDL.



Na segunda metade da avenida, ésta limita polo norte con as instalacións do Campo de Fútbol das Cercas, esta zona non forma parte da actuación do presente proxecto. Entre o cerramento do campo de fútbol e a beirarrúa da avenida discorre unha senda de xabre que fai as funcións de pista de atletismo e senda para paseo. Entre o edificio do CDL e o campo de fútbol existe unha área de estacionamento de recente construción que conta con un total de 27 prazas, bordeada por un paseo de adoquín tipo "calçada portuguesa" que será o límite Oeste da actuación deseñada.

A calzada ten dous carrís de circulación, un en cada sentido, e conta con tres pasos de peóns. Na marxe norte da avenida existen varias aliñacións de árbores ornamentais a maioría dos cais son choupos (*Populus sp*). As beirarrúas da avenida teñen unha anchura de 1.5 m e están formadas por baldosa hidráulica de cemento de cor gris e bordillo de granito.

Actualmente está permitido o estacionamento en liña no marxe sur da calzada, con excepción dos vados necesarios para acceder ás vivendas existentes e dos pasos de peóns. Na marxe norte da calzada está prohibido o estacionamento en toda a avenida.

Todo o anteriormente descrito pode observarse no Plano 2

## 1.5 OBXECTO

O obxecto do presente documento é a descrición a nivel de proxecto de execución das obras de PROXECTO DE URBANIZACIÓN, AMPLIACIÓN DE APARCADOIRO E BEIRRARRÚAS NA RÚA DIEGO SARMIENTO DE ACUÑA, ZONA CDL, GONDOMAR (PONTEVEDRA). Defínense e valóranse as devanditas actuacións, ben como as obras accesorias e complementarias necesarias. O presente proxecto desenvolve na zona do CDL os parámetros definidos no Proxecto Básico de Urbanización, Ampliación de Aparcadoiro e Beirarrúas na R/ Diego Sarmiento de Acuña, elaborado por nós no ano 2012 por encargo do Concello de Gondomar.

Asimismo, este documento servirá de base para a tramitación das licenzas e autorizacións sectoriais precisas.

A superficie aproximada de actuación prevista é de 1.164 m<sup>2</sup> englobando a zona de aparcadoiro e a nova beirarrúa.

## 1.6 NECESIDADES A SATISFACER

As obras descritas neste documento pretenden satisfacer as seguintes necesidades:

- Aumentar o número de prazas de estacionamento existentes na Avenida Diego Sarmiento de Acuña.
- Facilitar a adopción de medidas de fomento do uso peonil do casco urbano
- Mellorar a integración dos espazos e usos existentes entre as instalacións da área recreativa das Cercas (campo de fútbol CDL, paseo) e a avenida.

